

RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS DE OURENSE (INOUCAMPUS AUGA 2024)

A investigación, como actividade orientada a xerar novo coñecemento, de conformidade co establecido no artigo 101.1 dos Estatutos da Universidade, constitúe unha función esencial da Universidade e un dos fundamentos da docencia. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril de 2007 e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar Axudas a Grupos de Investigación do Campus de Ourense, en réxime de concorrência competitiva, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS DE OURENSE (INOUCAMPUS AUGA 2024)

1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto o financiamento de proxectos de interese para a Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense, apoiando as investigacións que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como a especialización do Campus de Ourense-Campus Auga.

Ao mesmo tempo pretende ser unha vía para que persoal investigador a tempo completo máis novo e os que teñan máis dificultades para acudir a outras convocatorias podan poñer en marcha os seus proxectos.

Esta convocatoria persegue impulsar a interacción entre grupos de investigación do Campus de Ourense dos diferentes ámbitos de coñecemento: a) Ciencias b) Ciencias da Saúde, c) Enxeñería e Arquitectura d) Ciencias Sociais e Xurídicas e) Arte e Humanidades.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como o artigo 20 de Lei 13/2021, do 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e o propio III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo no seu eixe 3. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

2. Características dos proxectos

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun grupo de investigación da Universidade de Vigo (SUXI). Cada grupo de investigación só liderará unha solicitude xa sexa co investigador principal 1 ou co investigador principal 2.

Os proxectos realizaranse de forma individual, con un/unha ou dous investigadores/as principais e un equipo de investigación proporcional coas tarefas a realizar. Poderán incluír persoal investigador de ámbitos diferentes valorándose a multidisciplinariedade dos mesmos.

As solicitudes con dous investigadores/as principais será obrigatorio que pertencen a ámbitos diferentes, ambos/as terán a mesma consideración a todos os efectos, pero será o investigador principal 1 quen presentará a solicitude, fixará o ámbito de aplicación do proxecto e actuará como interlocutor cos servizos administrativos da Universidade de Vigo para os diversos trámites relacionados coa xestión do proxecto.

Se o proxecto se presenta con dous/dúas investigadores/as principais e algún deles/as fose excluído/a por non reunir os requisitos establecidos nesta convocatoria, poderá admitirse a trámite a solicitude cun/cunha único/a investigador/a principal se a viabilidade do proxecto non se ve comprometida.

Coa finalidade de potenciar na medida do posible a colaboración entre grupos de investigación de diferentes centros do Campus de Ourense, tamén terá a consideración de ámbito diferente para a súa avaliación os proxectos liderados por persoal investigador de distintas áreas de coñecemento do mesmo ámbito, sempre que as súas tarefas investigadoras se desenvolvan en diferentes centros e se xustifique axeitadamente.

3. Requisitos específicos do persoal investigador

3.1. Requisitos do persoal investigador principal:

- Estar en posesión do título de doutor/a e manter unha relación contractual laboral non funcional a tempo completo coa Universidade de Vigo ata a data de finalización do período de execución da subvención.
- Non estar contratado/a con cargo a fondos de proxectos de investigación ou outras actividades de I+D.
- O persoal investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral que inclúa un contrato de estadía non poderá figurar como investigador/a principal no transcorrer desa fase do contrato.
- Desenvolver o seu labor investigador en instalacións do Campus de Ourense, entenderase que a pertenza a unha das xuntas de centro deste campus é condición suficiente, o resto do persoal deberá acreditar a súa adscrición investigadora ao Campus de Ourense durante todo o período de execución do proxecto.
- Non ter sido investigador/a principal en ningún outro proxecto de investigación de carácter competitivo de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Non ter sido investigador/a principal na convocatoria INOU 2023.
- Non ter sido investigador/a principal de dúas ou máis axudas INOU.
- Ningún investigador/a principal poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

3.2 Requisitos do persoal do equipo de investigación:

- Ter unha relación contractual coa Universidade de Vigo funcional ou laboral a tempo completo con capacidade para desenvolver tarefas investigadoras ata a data de finalización do período de execución da subvención.

- O persoal investigador predoutoral contratado co motivo de superar un procedemento de selección de persoal en concorrencia competitiva convocado por calquera entidade do sector público deberá presentar a correspondente autorización de dita entidade.
- O persoal investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral que inclúa un contrato de estadía non poderá figurar como membro do equipo de investigación no transcorrer desa fase do contrato.
- Desenvolver o seu labor investigador en instalacións do Campus de Ourense, entenderase que a pertenza a unha das xuntas de centro deste campus é condición suficiente, o resto do persoal deberá acreditar a súa adscrición investigadora ao Campus de Ourense durante todo o período de execución do proxecto.
- Non ser actualmente investigador/a principal en ningún outro proxecto de investigación de carácter competitivo de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Ningún investigador/a poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.

4. Prazo e forma de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes abrangue dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día **27 de febreiro de 2024 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

O modelo de solicitude pode descargarse no apartado de [convocatorias](#) da Universidade de Vigo, unha vez cuberto e asinado presentarse en formato pdf exclusivamente a través da [sede electrónica](#) no procedemento “Convocatoria de axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUCampus Auga 2024)”.

No modelo de solicitude faranse constar os seguintes datos:

- Datos do investigador principal 1, que será a persoa solicitante da axuda.
- Datos do investigador principal 2, se procede, que deberá ser de diferente ámbito ao do solicitante.
- Datos dos membros do equipo de investigación que deberá ser proporcional coas tarefas a realizar.
- Obxectivos xerais e específicos.
- Metodoloxía, plan de traballo e cronograma, descrición e dedicación do persoal investigador asignado a cada tarefa.
- Xustificación, se procede, do carácter multidisciplinar da proposta.
- Plan de comunicación dos resultados.
- Impacto esperado dos resultados do proxecto para a provincia de Ourense.
- Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado coa especialización do Campus Auga.
- Orzamento con indicación dos conceptos de gasto.
- Relación dos seis méritos máis relevantes dos recollidos no anexo II, referidos exclusivamente á traxectoria investigadora do persoal investigador principal, indicarse o tipo de mérito, a súa descrición e a puntuación que lle corresponde, segundo os criterios específicos aprobados pola Universidade de Vigo para a avaliación da produción investigadora do ano 2022, así como a información xustificativa.

5. Orzamento e contía das axudas

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2024 OUR1 131H 647 cunha dotación máxima de 59.000.-€. Este financiamento é froito do convenio que se asina anualmente coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural, investigación, formación e deportes no Campus de Ourense.

A subvención máxima para cada proxecto será de 5.900.-€. No caso de que non existan solicitudes suficientes ou as existentes non acaden unha valoración mínima de 50 puntos a comisión de avaliación poderá propoñer incrementar o importe das axudas por proxecto.

O pagamento da anualidade librarase por anticipado o 100% da subvención concedida no momento da resolución da concesión da axuda.

As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a financiar a investigación só durante a anualidade 2024 e o plan de traballo presentado tamén deberá ser executado en dita anualidade.

Os equipos de investigación beneficiarios destas axudas non poderán dispoñer daqueles fondos que non teñan sido executados no prazo establecido.

6. Conceptos subvencionables

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen co proxecto de investigación:

Adquisición de material inventariable e funxible, axudas de custo, gastos de publicación, inscrición en congresos ou outros gastos que deberán especificarse na solicitude. Non serán imputables os gastos de contratación de persoal.

Calquera modificación substancial respecto do orzamento solicitado precisará de autorización, a solicitude dirixirase á Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga.

Establécese como datas límite, o 28.10.2024 para a conciliación dos pedidos e o 31.10.2024 para a elaboración dos documentos contables correspondentes.

7. Revisión e selección das solicitudes

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á súa revisión e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo a relación provisoria das solicitudes admitidas e excluídas a trámite, así como as causas de exclusión.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria INOU-Campus Auga 2024”.

Serán causas de exclusión das solicitudes presentadas o non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.

Posteriormente procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

8. Avaliación

A avaliación será efectuada pola comisión que estará composta por:

- O vicerreitor do Campus de Ourense-Campus Auga, ou persoa en quen delegue, que será o/a presidente/a da comisión.
- O director do Campus Auga, ou persoa en quen delegue, que será o/a secretario/a da comisión.
- Cinco persoas, unha por cada ámbito de coñecemento do Campus de Ourense, pertencentes ao sector PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente con, polo menos, un sexenio recoñecido.
- Un/unha representante da Deputación de Ourense, elixido/a polo presidente da Deputación de Ourense.

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

Os criterios de avaliación dos proxectos son os recollidos no anexo II desta convocatoria.

Na asignación das axudas promoverase un reparto equitativo, outorgándose un mínimo de dúas axudas por ámbito de coñecemento, no caso de que haxa vacantes nalgún dos ámbitos concederase por orde de puntuación entre o resto dos ámbitos.

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.

9. Resolución de concesión e réxime de recursos

Efectuada a valoración, a comisión de avaliación, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas.

Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria INOU-Campus Auga 2024”.

Transcorrido este prazo a comisión elevará, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Incompatibilidades

A axuda é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

11. Renuncia

A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia a Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

12. Réxime de xustificación

1. Todas as publicacións, comunicacións en congresos, relatorios, etc. relacionadas cos proxectos deberán facer constar a colaboración e financiamento da Deputación Provincial de Ourense.

2. O persoal beneficiario das axudas reguladas nestas bases presentará a documentación xustificativa no prazo de dous meses, tanto aquela de carácter económico como a científico técnica, contados a partir do remate da aplicación da subvención. O/A investigador/a principal 1 do proxecto deberá de presentar perante a Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga un informe final no que se describan os resultados acadados que conterà polo menos os seguintes apartados, que deberán acreditarse documentalmente ou por calquera outro medio que deixe constancia da súa existencia.

- Resumo dos resultados do proxecto en relación cos obxectivos propostos, no caso de non acadarse todos os obxectivos deberá xustificarse.
- Descrición das actividades realizadas para alcanzar os obxectivos formulados no proxecto.
- Resultados do proxecto: artigos, comunicación en congresos, capítulos de libro, etc.
- Outras actividades relacionadas co proxecto: relatorios, entrevistas en prensa, asistencia a feiras e xornadas divulgativas, reunións con empresarios ou institucións, etc.
- Memoria económica.

Estes informes serán analizados nunha derradeira xuntanza da comisión de avaliación para valorar se os proxectos cumpriron co indicado na solicitude. Os informes emitidos serán comunicados aos/ás investigadores/as principais de cada proxecto e á Vicerreitoría do Campus de Ourense- Campus Auga. Con todos os proxectos que acaden unha avaliación positiva farase unha publicación.

3. O persoal investigador beneficiario das axudas deberán entregar á Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga os seus resultados en forma de capítulo de libro, axustándose ao formato e as datas que lle serán indicadas.

ANEXO II

A) Criterios de valoración da relación de méritos do persoal investigador principal (10 puntos)

Valoraranse a relación de méritos achegados polo persoal investigador principal no formulario da solicitude, para o que se empregará os [criterios específicos](#) aprobados pola Universidade de Vigo para a avaliación da produción investigadora do ano 2022.

- Libros
- Artigos ou traballos de investigación publicados en revistas

Non se admitirán contribucións pendentes de publicación á data de peche da convocatoria. En caso de ter asignado ISBN, ISSN ou DOI antes de dita data si serán aceptadas.

A relación de méritos deberá xustificarse con algún tipo de soporte que permita a súa comprobación.

A puntuación obtida neste apartado ponderarase para a súa avaliación.

B) Criterios de avaliación dos proxectos (90 puntos)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTOS
1. Calidade e viabilidade da proposta	
1.1. Calidade da proposta	25
1.2 Viabilidade da proposta	20
2. Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado co Campus Auga	10
3. Impacto esperado dos resultados do proxecto para a provincia de Ourense *	15
4. Adecuación do orzamento solicitado	10
5. Medida positiva relativa a presenza de mulleres investigadoras	10

*Valoración por parte do representante da Deputación na comisión de avaliación.

A descrición dos criterios de avaliación é a seguinte:

Criterio 1: Calidade e viabilidade da proposta

Subcriterio 1.1. Calidade da proposta

Valorarase a idoneidade da proposta ás características e obxecto da convocatoria, así como excelencia científica-técnica e grao de innovación e alcance da novidade de proposta respecto ao estado de arte.

Valorarase a xustificación e o valor engadido que proporciona o carácter multidisciplinar da proposta coa participación de persoal investigador de diferentes ámbitos, primándose a participación de dous/dúas investigadores/as principais.

Subcriterio 1.2. Viabilidade da proposta

Valorarase a definición, novidade e idoneidade da metodoloxía proposta e a adecuación do plan de traballo e do cronograma para a consecución dos obxectivos propostos.

Tamén se valorará o plan de comunicación dos resultados en termos de publicacións, presentacións e comunicacións a congresos.

Criterio 2: Impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado co Campus Auga

Valorarase o impacto esperado dos resultados do proxecto relacionado coas liñas de especialización e as súas áreas soporte definidas no plan estratéxico do Campus Auga.

Criterio 3: Impacto esperado dos resultados do proxecto para a provincia de Ourense

Valorarase o impacto esperado dos resultados do proxecto para a provincia de Ourense.

Criterio 4: Adecuación do orzamento solicitado

Valorarase a claridade, xustificación e adecuación do orzamento solicitado en relación cos obxectivos a alcanzar e as actividades a desenvolver no ámbito do proxecto.

Criterio 5: Medida positiva relativa a presenza de mulleres investigadoras

Valorarase que a solicitude do proxecto sexa liderado por unha ou dúas investigadoras principais ou haxa un predominio de mulleres no equipo de investigación.

ANEXO III : ÁMBITOS E ÁREAS

- 5 ÁMBITOS
- 21 ÁREAS

A. ÁMBITO CIENCIAS (5 áreas)

A1: Matemáticas

Álgebra, Análise Matemática, Estatística e Investigación Operativa, Xeometría e Topoloxía, Matemática Aplicada

A2: Física

Astronomía e Astrofísica, Física da Terra, Astronomía e Astrofísica, Electromagnetismo, Física Aplicada, Física Atómica Molecular e Nuclear, Física da Materia Condensada, Física da Terra, Física Teórica, Óptica.

A3: Química

Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica, Química Orgánica.

A4: Ciencias da Natureza

Antropoloxía Física, Botánica, Cristalografía e Mineraloxía, Ecoloxía, Edafoloxía e Química Agrícola, Estratigrafía, Fisioloxía Vexetal, Xeodinámica Externa, Xeodinámica Interna, Paleontoloxía, Petroloxía e Xeoquímica, Zooloxía.

A5: Bioloxía Celular e Molecular

Bioloxía Celular, Bioquímica e Bioloxía Molecular, Xenética, Microbioloxía.

B. ÁMBITO CIENCIAS DA SAÚDE (3 áreas)

B6: Ciencias Biomédicas e Especialidades Clínicas afíns

Anatomía e Embrioloxía Humana, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, Farmacoloxía, Fisioloxía, Histoloxía, Inmunoloxía, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Microbioloxía, Parasitoloxía, Toxicoloxía.

B7: Medicina Clínica e Especialidades Médico-Cirúrxicas

Anatomía Patolóxica, Cirurxía, Dermatoloxía, Medicina, Medicina Legal e Forense, Obstetricia e Xinecoloxía, Oftalmoloxía, Otorrinolaringoloxía, Pediatría, Psiquiatría, Radioloxía e Medicina Física, Uroloxía, Traumatoloxía e Ortopedia.

B8. Especialidades Sanitarias

Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas, Enfermería, Estomatoloxía, Fisioterapia, Nutrición e Bromatoloxía, Medicina e Cirurxía Animal, Sanidade Animal.

C. ÁMBITO ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA (5 áreas)

C9: Enxeñería Química, dos Materiais e do Medio Natural

Ciencia dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica, Enxeñería Agroforestal, Enxeñería Nuclear, Enxeñería Química, Enxeñería Téxtil e Papeleira, Producción Animal, Producción Vexetal, Tecnoloxía dos Alimentos, Tecnoloxías do Medio Ambiente.

C10: Enxeñería Mecánica e da Navegación

Ciencias e Técnicas da Navegación, Construcións Navais, Enxeñería Aeroespacial, Enxeñería dos Procesos de Fabricación, Enxeñería e Infraestruturas dos Transportes, Enxeñería Hidráulica, Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos, Mecánica de Fluídos, Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas, Proxectos de Enxeñería.

C11: Enxeñería Eléctrica e de Telecomunicacións

Electrónica, Enxeñería de Sistemas e Automática, Enxeñería Eléctrica, Enxeñería Telemática, Tecnoloxía Electrónica, Teoría do Sinal e Comunicacións.

C12: Enxeñería Informática

Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, Linguaxes e Sistemas Informáticos.

C13: Arquitectura, Enxeñería Civil, Construción e Urbanismo

Explotación das Minas, Composición Arquitectónica, Construcións Arquitectónicas, Expresión Gráfica Arquitectónica, Expresión Gráfica na Enxeñería, Enxeñería Cartográfica Xeodésica e Fotogrametría, Enxeñería da Construción, Enxeñería do Terreo, Prospección e Investigación Mineira, Proxectos Arquitectónicos, Urbanística e Ordenación do Territorio.

D. ÁMBITO CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS (6 áreas)

D14: Dereito

Dereito Administrativo; Dereito Civil; Dereito Constitucional; Dereito do Traballo e da Seguridade Social; Dereito Eclesiástico do Estado; Dereito Financeiro e Tributario; Dereito Internacional Privado; Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais; Dereito Mercantil; Dereito Penal; Dereito Procesual; Dereito Romano; Filosofía do Dereito; Historia do Dereito e das Institucións.

D15: Ciencias Económicas

Economía Aplicada; Economía, Socioloxía e Política Agraria; Fundamentos de Análise Económica; Historia e Institucións Económicas, Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa.

D16: Ciencias Empresariais

Comercialización e Investigación de Mercados; Economía Financeira e Contabilidade; Organización de Empresas.

D17: Ciencias da Educación

Didáctica da Expresión Corporal; Didáctica da Expresión Musical; Didáctica da Expresión Plástica; Didáctica da Lingua e a Literatura; Didáctica das Matemáticas; Didáctica das Ciencias Experimentais; Didáctica das Ciencias Sociais; Didáctica e Organización Escolar; Educación Física e Deportiva; Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación; Teoría e Historia da Educación.

D18: Ciencias do Comportamento

Metodoloxía das Ciencias do Comportamento; Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico; Psicobioloxía; Psicoloxía Básica; Psicoloxía Evolutiva e da Educación; Psicoloxía Social.

D19: Ciencias Sociais

Antropoloxía Social; Biblioteconomía e Documentación, Ciencia Política e da Administración; Comunicación Audiovisual e Publicidade; Filosofía Moral; Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos; Xornalismo; Socioloxía; Traballo Social e Servizos Sociais.

E. ÁMBITO ARTE E HUMANIDADES (2 áreas)

E20: Historia, Filosofía e Arte

Análise Xeográfica Rexional, Arqueoloxía, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Filosofía, Xeografía Física, Xeografía Humana, Historia Antiga, Historia Contemporánea, Historia de América, Historia da Ciencia, Historia Medieval, Historia Moderna, Lóxica e Filosofía da Ciencia, Prehistoria, Debuxo, Escultura, Estética e Teoría das Artes, Historia da arte, Música, Pintura.

E21: Filoloxía e Lingüística

Estudos Árabes e Islámicos, Estudos de Asia Oriental, Estudos Hebreos e Arameos, Filoloxía Alemá, Filoloxía Catalá, Filoloxía Eslava, Filoloxía Francesa, Filoloxía Grega, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Italiana, Filoloxía Latina, Filoloxía Románica, Filoloxía Románica, Filoloxía Vasca, Filoloxía Galega e Portuguesa, Lingua Española, Lingüística Xeral, Lingüística Indoeuropea, Literatura Española, Teoría da Literatura e Literatura Comparada, Tradución e Interpretación.

ANEXO IV

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPd") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a Convocatoria de axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUE-Campus Auga 2024) e amparados pola lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).